



BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2026

CONCELLO DE SANTA COMBA

-DOMINGO 15 DE FEBREIRO-

Co obxectivo de fomentar a cultura, promover o Entroido e dinamizar esta festa tradicional, o Concello de Santa Comba convoca o tradicional Concurso de Disfraces do Entroido, que se celebrará o domingo 15 de febreiro de 2026 e que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Obxecto

O Concello de Santa Comba ten como unha das súas prioridades a promoción cultural do Entroido, por tratarse dunha das festas tradicionais máis celebradas e populares entre a súa veciñanza.

Co obxectivo de promover a participación cidadá mediante o uso do disface, convócase o Concurso de Disfraces do Entroido 2026.

SEGUNDA.- Data e lugar

O concurso celebrarase o domingo 15 de febreiro de 2026, ás 18:00 horas no Recinto Feiral do Concello de Santa Comba.

TERCEIRA.- Participantes e categorías

- a) Individual/parellas infantil: poderán participar persoas de ata 12 anos.
- b) Individual/parellas adultos: poderán participar persoas maiores de 12 anos.
- c) Grupos: agrupacións de 3 a 7 participantes, de calquera idade, cunha temática común.
- d) Comparsas: agrupacións de 8 ou máis participantes, de calquera idade, cunha temática común.

CUARTA.- Inscricións: Lugar e prazo de presentación

As inscricións faranse telemáticamente a través do formulario de inscrición dispoñible en: www.santacomba.es/reservas, ata ás 11:00 horas do venres 13 de febreiro.

Excepcionalmente, e previa autorización da organización do evento, os participantes poderán inscribirse o mesmo día do concurso.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

QUINTA.- Desenvolvemento

Os participantes deberán presentarse no Recinto Feiral do Concello, media hora antes do inicio do desfile, co fin de recibir a orde de actuación.

Cada participante ou grupo deberá desfilar diante do xurado cun tempo máximo de 3 minutos.

As persoas ou grupos que precisen música específica para a súa actuación deberán achegala nun dispositivo USB ou adaptarse á que facilite a organización.

Os gañadores do concurso daranse a coñecer o mesmo día do desfile.

Os participantes deberán cumprir as instrucións que lles comunique a organización para o correcto desenvolvemento do concurso. O evento será fotografado e gravado, e as imaxes e gravacións poderán ser publicadas nas plataformas dixitais do Concello de Santa Comba. Por motivos de transparencia, os nomes dos gañadores serán publicados na páxina web do Concello de Santa Comba.

SEXTA.- Premios

Entregaranse os seguintes premios:

a) Individual/Parellas infantil.

* 1º Premio: 50 €

* 2º Premio: 30 €

b) Individual/Parellas adultos.

* 1º Premio: 100 €

* 2º Premio: 75 €

c) Grupos (3 a 7 participantes).

* 1º Premio: 250 €

* 2º Premio: 150 €

d) Comparsas (8 ou máis participantes).

* 1º Premio: 300 €

* 2º Premio: 200 €

A concesión dos premios farase pública o mesmo día do desfile, unha vez celebrada a reunión do xurado.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

Os premios consistirán en vales canxeables en establecementos do Concello de Santa Comba. Os vales terán unha validez de 15 días naturais, ata o 2 de marzo incluído, prazo no que as persoas premiadas deberán comunicar o establecemento comercial no que desexen facer uso do vale.

SÉTIMA.- Xurado

A cualificación das distintas modalidades será determinada por un xurado composto por tres membros designados pola organización do evento, que formalizarán unha acta coas correspondentes valoracións ea proposta de concesión dos premios.

O xurado poderá declarar algún premio deserto se así o considera conveniente ou redistribuílo, total ou parcialmente, noutras categorías, e terá competencia para resolver calquera circunstancia non prevista nestas bases. En ningún caso se contemplará o empate.

A decisión do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple.

Durante o desenvolvemento do concurso, o xurado valorará os seguintes criterios:

- * Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces: de 0 a 10 puntos.
- * Posta en escena (acompañamento, coreografía...): de 0 a 10 puntos
- * Detalles da maquillaxe e vestimenta e complementos propios do Entroido: de 0 a 10 puntos.
- * Elaboración propia ou artesanal: de 0 a 10 puntos.

OITAVA.- Aceptación das bases

A participación no concurso implica o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases.

Santa Comba, 27 de xaneiro de 2026